

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA / SAMAÍN

Co gallo da celebración do Samaín, o **Equipo de Dinamización de Lingua Galega** organiza un concurso de **relatos de medo**.

Se tes a ousadía de participar, as bases do **concurso** son as que seguen:

➤ PARTICIPACIÓN

Poderá participar alumnado de 5º Primaria até 2º Bacharelato

Poderán concorrer con traballos orixinais escritos en galego nas seguintes categorías

- 1ª categoría: 5º e 6º de Primaria
- 2ª categoría: 1º e 2º ESO
- 3ª categoría: 3º e 4º ESO
- 4ª categoría: 1º e 2º Bacharelato.

➤ MODALIDADE

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e concorrerán na categoría correspondente. Deberán ser historias de medo localizadas en Galicia, usando as figuras da nosa cultura popular (Lobishome, Diaños, meigas, Santa Compañía, o Urco, Defuntos, Aparicións, Trasnos, Mouros, Fadas...).

Así mesmo, han ser escritas en folios en branco sen superar, en ningún caso, as dúas cariñas de extensión.

➤ PRESENTACIÓN

As producións serán entregadas ao profesor de Lingua Galega correspondente. Amais,

incluirase ao comezo un título e ao final o nome, apelidos e curso do autor/a.

➤ PREMIOS

Os premios consistirán en libros de lectura, material escolar... (por determinar)

O xurado poderá, en función da calidade dos traballos presentados, declarar deserto o premio.

➤ XURADO

O xurado estará constituído por membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

➤ PRAZO DE PRESENTACIÓN

A data límite de entrega é mércores 2 de novembro.

➤ FALLO

Farase público na festa do magosto que se ha celebrar a tarde do 10 de novembro, día no que se tamén terá lugar a entrega dos correspondentes premios. Así mesmo, na mesma data, publicaranse os relatos gañadores de cadansúa categoría no blog do *Equipo de Dinamización da Lingua Galega*



O GALEGO É SAGRADO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega